

POR QUE TRAMITAR UNHA OFERTA DE EMPREGO A TRAVÉS DE EMPREGO GALICIA?

1

Porque terá unha difusión moi ampla: **Galicia, España e Europa**.

Lembra que contamos cun portal web **moderno e accesible**!

2

Porque che ofrecemos a maior **base de datos** de persoas demandantes de emprego de toda Galicia.

3

Porque contamos cunha **extensa rede de oficinas e persoal técnico especializado** por todo o territorio galego que farán unha preselección das persoas candidatas anotadas.

Estamos moi **cerca** de ti!
Asesorámosche no que precises!

4

Porque é un servizo público e polo tanto **gratuíto**.

Porque é un procedemento **sinxelo**.

5

Porque é un procedemento **rápido**.
A partir do día seguinte ao do rexistro da oferta recibirás diariamente no teu enderezo electrónico os currículos das persoas interesadas que cumplan os requisitos da oferta.

6

Porque contamos cunha **Oficina Virtual das Empresas**, que che permite xestionar unha oferta dende calquera lugar e en calquera momento!

Está a túa disposición as **24 horas** do día os **365 días** do ano!

En resumo por:

Calidade, Proximidade, Accesibilidade, Sinxeleza, Rapidez e Personalización

COMO XESTIONAR OFERTAS DE TRABALO A TRAVÉS DE EMPREGO GALICIA?

Emprego Galicia ten entre as súas prioridades a intermediación laboral, cuxa finalidade e poñer en contacto ao empresariado coas persoas traballadoras para cubrir as necesidades de man de obra e traballo respectivamente.

Emprego Galicia dispón da máis extensa e actualizada base de datos de persoas demandantes de emprego da nosa Comunidade, así como unha ampla rede de oficinas e profesionais que poden axudar as empresas na xestión das súas ofertas de traballo.

Ademais contamos coa posibilidade de darlle difusión as túas ofertas de emprego tanto en Galicia, a través do portal web, como en España e Europa a través dos portais Empléate e Eures.

En Emprego Galicia, contextualizamos a oferta de emprego se é posible, na maior magnitude, isto permite a quen a visualiza, ter un concepto claro da oferta de emprego publicada, ademais dun deseño a medida para a empresa ou as persoas empregadoras.

En Emprego Galicia, establecemos un diagnóstico, proporcionando información clara e precisa ao empregador ou empregadora, co ánimo de ofrecer un Servizo Público adecuado ás necesidades transmitidas.

BUSCAR A OFICINA DE EMPREGO DE REFERENCIA

Como? A través do buscador de oficinas atoparás a oficina de emprego máis próxima así como o enderezo, teléfono e enderezo electrónico.

DEFINIR OS REQUISITOS DA OFERTA

Para realizar este paso contarás coa axuda do persoal da oficina de emprego que che prestará apoio e asesoramento.

COMO TRAMITO A OFERTA DE EMPREGO?

Podes facelo de xeito totalmente telemático a través da Oficina Virtual de Empresas, ou cumprimentando o modelo de ofertas e achegándoo a través da sede electrónica (Procedemento PR004A), do correo electrónico ou presencialmente na Oficina de Emprego (recoméndase solicitar cita previa)

DIFUSIÓN DA OFERTA NO PORTAL DE EMPREGO DE GALICIA, ESTATAL E EUROPEO


PRESELECCIÓN DE CANDIDATURAS E ENVÍO DE CURRÍCULOS

ENTREVISTAS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS

NOTIFICACIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS E PECHE

1. COMO BUSCAR A OFICINA DE EMPREGO DE REFERENCIA?

No **Portal Web de Empleo Galicia**, dende o apartado adicado a empresas, atoparás un cadro para xestión de ofertas. Neste apartado aparece a opción de buscador de centros.



Premendo no **buscador de centros** aparecerá un cadro no que terás que indicar o código postal e o concello e obterás a oficina de emprego de referencia xunto co enderezo postal, o teléfono e o enderezo electrónico de contacto.

2. COMO TRAMITO UNHA OFERTA DE TRABAJO?

1 De xeito totalmente telemático



Na Oficina Virtual de Empresas

2 Cumprimentando e enviándonos o formulario de ofertas de emprego



A través da sede electrónica (Procedemento PR004A)



Por correo electrónico á oficina de referencia



De forma presencial na oficina de emprego (recoméndase solicitar cita previa)

A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE EMPRESAS

Podes tramitar a oferta de xeito telemático na **Oficina Virtual de Empresas**. Para acceder á Oficina Virtual son válidas as credencias que empresa en **contrat@** (identificador de usuario e contrasinal).

Selecciona o botón **EMPRESAS**, situado no menú superior, unha vez dentro da Oficina Virtual.

Na Alta de Preofertas de Empleo podes facer o teu borrador (descrición do posto de traballo, titulación requirida, experiencia profesional...). Xa podes crear a preoferta e enviala para a súa xestión despois de gardar o teu borrador.

Así de sinxelo, Empleo Galicia pon ao teu alcance unha ferramenta informática innovadora, única e de sinxelo funcionamento.

Nota: Para ver con máis detalle o proceso consulta o Anexo que achegamos ao final deste documento con todo o procedemento.



XUNTA
DE GALICIA



EMPREGO
GALICIA

CUMPRIMENTANDO O FORMULARIO DE OFERTAS DE EMPREGO

Podes descargar [aquí](#) o formulario e despois de cumprimentalo, podes achegalo á túa Oficina de Emprego a través dos seguintes medios:

- 1 Sede electrónica.** Empregando o procedemento PR004A dirixido a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da provincia que corresponda con indicación da oficina de emprego destinataria.
- 2 Correo electrónico** dirixido á oficina de emprego de referencia.
- 3 De forma presencial** na oficina de emprego que corresponda según a localización do posto de traballo (recoméndase solicitar cita previa).

3. COMO DEFINO OS REQUISITOS DUNHA OFERTA DE EMPREGO?

A solicitude da oferta de emprego é o documento fundamental para realizar a preselección das persoas candidatas, sendo básico definir axeitadamente os requisitos necesarios para obter o mellor resultado.

Por iso é preciso ter en conta os seguintes puntos:

- Se tes dúbidas sobre os requisitos ou ocupacións a incluír na oferta, nas nosas oficinas de emprego atoparás persoal especializado que che prestará apoio para concretar cada contido.
- Sería conveniente que a persoa que defina os requisitos sexa a que vaia a realizar a selección, ou polo menos participar activamente nela. Así podemos asegurar un axeitado nivel de axuste coas necesidades reais.
- Se tes interese en que a oferta teña unha especial difusión nalgún país comunitario, exprésao na túa solicitude e incorporaremos á xestión da oferta ao persoal da Rede Eures de Galicia.



4. DIFUSIÓN DA OFERTA NO PORTAL DE EMPREGO DE GALICIA, ESTATAL E EUROPEO

Unha vez validada a oferta de emprego, esta publicárase no apartado de ofertas en difusión no portal de **Emprego de Galicia**, no portal de **emprego estatal** do **SEPE** e no portal **EURES**.



5. PRESELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS E ENVÍO DE CURRÍCULOS

- Unha vez realizada a oferta de emprego e validada, o persoal técnico realizará a sondaxe para buscar as persoas candidatas máis axeitadas.
- Por outra banda, o persoal técnico tamén comprobará os currículos das persoas que se inscriban a través do portal de emprego, de tal xeito que se enviarán ás empresas as persoas candidatas que cumpran os requisitos.
- Polo que a persoa empresaria contará cunha listaxe que inclúe tanto a persoas axeitadas obtidas a partir da base de datos do Servizo Público de Emprego, como a persoas candidatas que se auto-postularon pola web de emprego, ambas opcións axustadas aos requisitos da oferta.

6. ENTREVISTAS DE SELECCIÓN




Ademais, se o desexas, dende a oficina de emprego pódese xestionar a convocatoria das persoas candidatas para que acudan a unha entrevista ás instalacións da túa empresa.

7. NOTIFICACIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS E PECHE DA OFERTA

Unha vez rematada a selección das persoas candidatas na entrevista persoal, o único que che pedimos é que comuniques o resultado destas entrevistas á oficina de emprego responsable da xestión. Deste xeito poderemos adecuar os resultados da clasificación de cada persoa demandante e pecharemos axeitadamente o proceso de selección.





POR ÚLTIMO: Se tes dificultades para atopar a Oficina de Emprego de referencia ou tes varios centros de traballo podes consultar as túas dúbidas no seguinte enderezo electrónico: emprego@xunta.gal



No apartado **LOCALIZACIÓN DO POSTO**, selecciona nos despregables a provincia e o concello onde se localiza o posto de traballo. Se o posto de traballo se localiza fóra de Galicia, preme no cadro de Mostrar provincias de fóra de Galicia.

No apartado **OFICINA NA QUE SE PRESENTARÁ A OFERTA**, preme na lupa de buscar oficina e, na listaxe de oficinas de emprego selecciona a que corresponde á localización do posto de traballo.

Se o desexas, podes realizar a busca da oficina de emprego utilizando a opción “busca de oficina por provincia e concello”.



Selecciona e cubre os datos do apartado **DATOS CONTRACTUAIS**.

Cubre **OS DATOS IDENTIFICATIVOS DA PERSOA DE CONTACTO**.

Datos contractuales

*Contrato (Selección) ☐ ☐

*Xornada (Selección) ☐ Período (Selección) ☐

Duración do contrato (en días) Número de horas

ETT ☐

Datos identificativos da persoa de contacto:

*Nome e apelidos

*Enderezo electrónico *Teléfono

Modelo: 010-0000-0000-0000-0000

Alta de preofertas de emprego

Está creando unha preoferta para a empresa

Datos conta cotización

Número: 0111071030208 Actividade económica: SERVICIOS DE COMIDAS E BEBIDAS
NIF: 00000000Q Enderezo: CALA RATONDA SIN CAPODEPERA

Datos da entidade de selección

☐ Usar a mesma empresa ofertante como entidade de selección

NIF Razón social

Persoa responsable da selección

☐ Usar os datos da persoa de contacto xa indicada

Nome e apelidos

Enderezo electrónico Teléfono

Localización do lugar da selección

☐ Usar o enderezo da empresa xa indicada

Tipo de vía (Selección) ☐ Nome da vía

Número Parcela (Selección) ☐ Escalera Andar Letra

Provincia (Selección) ☐ Concello (Selección) ☐

Na última pantalla de **ALTA DE PROOFERTAS**, marca os cadros de verificación se os datos da entidade de selección, a persoa responsable da selección e a localización do lugar da selección son os mesmos que os datos xa rexistrados. No caso contrario, cubre no formulario da preoferta os datos requiridos.

Unha vez completados todos os datos, tes dúas opcións:

- Gardar o **BORRADOR DA PROOFERTA** e envialo nun momento posterior.
- OU premer no botón verde **ENVIAR OFERTA**.

Alta de preofertas de emprego

Está creando unha preoferta para a empresa

Datos conta cotización

Número: 0111071030208 Actividade económica: SERVICIOS DE COMIDAS E BEBIDAS
NIF: 00000000Q Enderezo: CALA RATONDA SIN CAPODEPERA

Datos da entidade de selección

☐ Usar a mesma empresa ofertante como entidade de selección

NIF Razón social

Persoa responsable da selección

☐ Usar os datos da persoa de contacto xa indicada

Nome e apelidos

Enderezo electrónico Teléfono

Localización do lugar da selección

☐ Usar o enderezo da empresa xa indicada

Tipo de vía (Selección) ☐ Nome da vía

Número Parcela (Selección) ☐ Escalera Andar Letra

Provincia (Selección) ☐ Concello (Selección) ☐